



# CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-15048C0B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2019/G010/000016

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE MESÍA CELEBRADA O DÍA 8 DE NOVEMBRO DE 2019

### **ALCALDE**

D. Mariano Iglesias Castro.

### **CONCELLEIROS/AS:**

PSdeG-PSOE:

D<sup>a</sup> Pilar Sánchez Ulloa.

D. Gervasio Sánchez Barreiro.

D. José Pardo Álvarez.

D. José Manuel Blanco López.

D. José Fernando García Lesta.

D. Manuel Méndez Remeseiro.

D. José Bello López.

BNG:

D<sup>a</sup> Beatriz Louro López.

### **Non asisten e se escusan:**

PSdeG-PSOE:

D. José Fernando García Lesta.

D<sup>a</sup> María Amparo García Pernas.

PP:

D. Javier López Vázquez.

### **SECRETARIO - INTERVENTOR :**

D Eladio Bendaña Pardo.

En Mesía, a 8 de novembro de 2019, sendo as oito horas e trinta minutos, na Casa do Concello, logo da convocatoria para o efecto, reuníronse, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria do Pleno.

A tódolos asistentes entregáraselles copia da Orde do Día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Estando presente o quórum necesario, polo Sr. Alcalde declárase validamente constituída a sesión. Pásase a continuación a tratalos seguintes asuntos incluídos na Orde do Día:



# CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2019/G010/000016

## 1. MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR RECOLLIDA DO LIXO E SERVICIOS COMPLEMENTARIOS.

O Sr. Alcalde da conta da proposta, da que o seu teor literal di:

### *“MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR RECOLLIDA DO LIXO E SERVICIOS COMPLEMENTARIOS*

*Tendo solicitado este concello a bonificación do canon unitario de tratamento de residuos sólidos urbanos de SOGAMA ao abeiro do establecido no apartado Tres bis da Disposición Adicional vixésimo primeira da Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014, e co fin de trasladar o importe desa bonificación correspondente ao exercicio 2019 ás persoas beneficiarias do servizo, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:*

*PRIMERO: Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa pola recollida de lixo e servizos complementarios que se transcribe como anexo ó presente acordo.*

*SEGUNDO: De conformidade co artigo 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, proceder ó trámite de información pública polo prazo de trinta días hábiles contados a partir do seguinte ó da publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os interesados poidan presentar as reclamacións e suxestións que consideren oportunas.*

*TERCERO: Se os interesados presentasen reclamacións ou suxestións serán resoltas polo Pleno. No caso de que non se presentasen reclamacións ou suxestións, se entenderá definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, procedéndose á publicación do texto íntegro da Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia.*

### Anexo

*“6º.3º.- Para tales efectos, aplicarase a seguinte tarifa:*

Concepto	Euros
1.- VIVENDAS	49,42
2.- ALOXAMENTOS	
2.1- HOTEIS, MOTEIS, CASAS DE TURISMO RURAL	317,10
3.- ESTABLECEMENTOS DE ALIMENTACIÓN	
3.1- SUPERMERCADOS	149,91
3.2- ALMACÉNS O POR MAIOR	150,33
3.3- CARNICERÍAS, PEIXERÍAS E SIMILARES	86,46
4.- ESTABLECEMENTOS DE RESTAURACIÓN	
4.1- RESTAURANTES	202,22



# CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-15048C0B Telf. (981) 63 70 01 – Fax 63 70 69

exp. 2019/G010/000016

4.2- CAFETERÍAS	173,62
4.3- WISQUERIAS E PUBS	174,99
4.4- BARES E TASCAS	115,59
5.- OUTROS LOCAIS INDUSTRIAIS OU MERCANTÍS	
5.1- CENTROS OFICIAIS	86,46
5.2- OFICINAS BANCARIAS	86,46
5.3- DESPACHOS PROFESIONAIS E OUTRAS OFICINAS	86,46
6.- DEMAIS LOCAIS NON EXPRESAMENTE TARIFADOS	86,46

*A presente modificación entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2020, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa."*

*En Mesía, 5 de novembro de 2019. O alcalde, Asdo./ Mariano Iglesias Castro"*

Manifesta o Sr. Alcalde que inicialmente a proposta incluía tamén a repercusión nas tarifas da bonificación do canon do ano 2020, pero ante a imposibilidade de saber a ciencia certa se o canon bonificado vaise manter para o próximo ano, unicamente vaise repercutir no vindeiro exercicio a bonificación que nos está a facer SOGAMA en 2019.

A lexislación indicada na proposta ven a dicir que, cando as circunstancias económicas da sociedade o permitan, a consellería competente poderá establecer unha bonificación no canon de tratamento, e así o fixo, reducíndoo de 69,83€ a 62,93€. Para poder beneficiarse da dita bonificación, os concellos debían solicitalo, e así o fixemos, e ademais, outra condición era trasladar esta bonificación aos usuarios do servizo, que é o que facemos coa modificación desta ordenanza.

Para facer o cálculo da bonificación fíxose un estudo económico no que calculouse o aforro nas facturas de SOGAMA de xaneiro a setembro e despois fíxose unha estimación dos tres últimos meses segundo a media dos nove primeiros, o que deu a cantidade de 5.587,86€. Aplicando unha porcentaxe do 7,5% ao Padrón de lixo, que ascende a 74.581,20€, obtense unha redución de 5.593,59€, cantidade practicamente equivalente, polo que, en consecuencia, a presente modificación consiste en baixar o 7,5% cada tarifa da ordenanza, tal como se recolle na proposta. Así mesmo debe sinalarse que a bonificación da taxa do 2019 repercútese no 2020, o que ven determinado pola natureza xurídica da propia taxa, xa que a presente modificación entrará en vigor para o vindeiro exercicio.

En todo caso, presumiblemente teñamos un dos recibos de lixo máis baixos da provincia, en consonancia coa nosa baixa fiscalidade, coido que a terceira ou cuarta máis baixa da provincia; sendo o servizo deficitario nun 42%, xa que, fronte ao Padrón de setenta e catro mil euros, o custe de recollida é duns setenta e catro mil euros, e SOGAMA nos cobra uns cincuenta e tres mil euros, isto sen contar reposición de contenedores, soportes, etc.

Manifesta a Sra. Louro que entende que este acordo tiña que haber ido á Comisión de Contas, manifestando o Sr. Secretario que non, xa que iso sería si a Comisión de Contas funcionase tamén como Comisión Informativa de asuntos económicos, o que non é o caso deste concello, no que a Comisión de Contas só funciona como tal, ditaminando as contas.



## CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-15048C0B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2019/G010/000016

Non habendo máis intervencións, sometido o asunto a votación, apróbase por sete votos a favor, correspondentes aos sete concelleiros presentes do PSdeG-PSOE e unha abstención, correspondente á concelleira presente do BNG.

Non habendo máis intervencións nin asuntos que tratar, o Sr. Alcalde, sendo as oito horas e cincuenta minutos, levanta a sesión, da que eu, Secretario - Interventor, certifico.

Visto e Prace,  
O alcalde,